

DATA

15 de Setembro 2023


LUGAR

Campus Vida

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela

VII SIMPOSIO



INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS AMBIENTAIS

COMITÉ ORGANIZADOR

Andrés Baselga (Dpto. Zoología,
Genética y Antropología Física)

Almudena Hospido (Dpto. Enxeñaría
Química)

Xosé L. Otero (Dpto. Edafología y
Química Agrícola)

Remigio Paradelo (Dpto. Edafología y
Química Agrícola)

SECRETARÍA TÉCNICA

Iria Lema (Dpto. Enxeñaría Química)

ORGANIZA



INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS AMBIENTAIS

O 15 de setembro celebrarase a VII edición do Simposio de Tecnoloxías Ambientais para investigadores de CRETUS.



Participantes da VI edición do Simposio en tecnoloxías ambientais (outubro 2022)

PERFIL DO PARTICIPANTE

Investigadores predoutorais e posdoutorais de CRETUS e alumnado de máster que realice o seu TFM en CRETUS.

OBXECTIVOS

- Mellorar a integración dos investigadores de CRETUS entre si.
- Dar a coñecer o traballo que se está a realizar no campo das tecnoloxías ambientais.
- Establecer contactos e posibles colaboracións entre investigadores.
- Mellorar as habilidades de comunicación científica.

TIPO DE PRESENTACIÓN

- Presentación flash de 3 minutos.

TEMÁTICA

- Traballo de investigación realizado no teu grupo.
- Proxecto de investigación (proxecto de tese ou máster) independentemente do estado no que se atope.
- Resultados da túa investigación que consideras relevantes no ámbito deste simposio.


ENVÍO DE RESUMOS

Para participar no Simposio, debe enviarse o resumo do traballo en formato Word por correo electrónico a cretuseusc.gal, seguindo o modelo indicado. A extensión máxima do resumo será de 1 páxina e no mesmo idioma no que se faga a presentación (inglés, galego ou castelán). O comité organizador poderá facer unha selección dos candidatos no caso de que o número de participantes supere o número de intervencións previstas.

O prazo de envío do resumo remata o **31 de xullo** ás 12.00h.

PREMIOS

Como en edicións anteriores, os asistentes terán a oportunidade de avaliar cada unha das presentacións in situ a través dunha enquisa en liña. Tendo en conta os resultados, o comité organizador realizará as avaliacións finais e premiará os mellores en cada categoría. Todos os participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación.



Traballos premiados na VI edición do Simposio

RECOMENDACIÓNS

Para as presentacións pódese usar unha presentación en PowerPoint axustándose sempre aos tempos establecidos.

Importante: deberás saber transmitir o teu proxecto a un público académico-científico, pero ten en conta que non está especializado na túa materia. Adapta o teu discurso e presentación para facer comprensible o teu traballo e sintetízalo de tal xeito que poidas comunicalo nos 3 minutos de exposición.

DATAS

31 de xullo

Data límite para o envío de resumos.

7 de setembro

Publicación do programa

15 setembro

Celebración do VII Simposio

LUGAR

Campus Vida

Santiago de Compostela

